



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **DECRETO 141/2009.**

### **CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA**

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	<b>EXTRAORDINARIA</b>
Data da Sesión:.....	<b>26 de maio de 2009</b>
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	<b>8:30 horas</b>
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

### **ORDE DO DÍA**

- 1. PROXECTO DE “DOTACIÓN DE SENDA PEONIL NA DP 4701 DE CASTRO A ESTRADA DE CURTIS PK 0 A 1 (MESÍA), INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011. ACORDOS QUE PROCEDAN.**
- 2. MOCIÓN PRESENTADA POLO PSOE EN NOME DE UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES, SINDICATOS LABREGO GALEGO E ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS (AGACA) SOBRE MEDIDAS DE CONTROL DA CRISE DO SECTOR LÁCTEO.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 22 de maio de 2009.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

Ante min,

O secretario,

D. Eladio Bendaña Pardo.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2009.

### ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

### CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D. Manoel Bello Salvado. BNG

### Non asisten e se excusan:

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

### SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 26 de maio de 2009, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa da Cultura, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### 1. PROXECTO. DE “DOTACIÓN DE SENDA PEONIL NA DP 4701 DE CASTRO A ESTRADA DE CURTIS PK 0 A 1 (MESÍA), INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario que fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, propoño ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1º) Aprobar o proxecto incluído na 2ª fase do PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011, ANUALIDADE 2009, de acordo coa denominación e o orzamento que se indica:

Denominación da obra	Orzamento base de licitación	IVA (16 %)	Orzamento total
DOTACIÓN DE SENDA PEONIL EN CP-4701 DE CASTRO A ESTRADA DE CURTIS PK 0+000 A 1+000	331.809,89 €	53.089,58 €	384.899,47 €

2º) Autorizar á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3º) *Acordar a conformidade do concello coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías Provinciais 2008-2011.*

4º) *Comprometese o Concello a aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*

5º) *Delegar no Sr. Alcalde - Presidente para formalizar o correspondente convenio.*

*Mesía, a 22 de maio de 2009. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”*

Comeza o Sr. alcalde explicando que o proxecto que se presenta a aprobación dota á parroquia de Castro dunha senda peonil pola marxe esquerda, coa correspondente recollida de pluviais, así como alumeadado público, e vai ser sufragada integramente pola Deputación. A presa en traer o acordo a un Pleno extraordinario xustificábase na esixencia de facer os movementos de terras que comporta unha obra destas características no verán e que, canto antes tiñamos feito o trámite municipal, antes empezará a obra.

Finalizada a súa exposición o Sr. Alcalde, pásalle a palabra ós distintos grupos políticos, que manifestan a súa conformidade co acordo.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos membros presentes.

## **2. MOCIÓN PRESENTADA POLO PSOE EN NOME DE UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES, SINDICATOS LABREGO GALEGO E ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS (AGACA) SOBRE MEDIDAS DE CONTROL DA CRISE DO SECTOR LÁCTEO.**

O secretario fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di:

### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O sector lácteo ten unha gran importancia económica e social en Galicia pois a maioría dos concellos, entre eles Mesía, dependen economicamente da produción de leite. Case toda a poboación deste concello vive do sector lácteo, o que supón unha porcentaxe moi elevada de postos de traballo neste sector.*

*Estes empregos están realmente en perigo, no caso de que Galicia non poida soste a súa capacidade de produción de leite.*

*A finais do 2008, e ante as malas noticias de orde económico xeral, houbo unha baixada de prezos en todo o sector industrial tras a limitación das compras á industria autóctona ao realizar importacións de leite envasado de marca branca. O consumidor cando merca leite envasado en Galicia realmente non ten garantía de que non teña a súa orixe en calquera país da Unión Europea, o non existir ningún referente no envase á orixe e polo tanto á trazabilidade do produto.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Nesta crise de prezos, apreciase a escasa preferencia que a Gran Distribución ten polos nosos produtos ao contrario da distribución doutros países limítrofes, por exemplo Francia.*

*Ante esta situación, urxe que as administracións competentes poñan en marcha políticas e mecanismos para que produtores e transformadores equiparen o seu peso nas decisións do mercado á Gran Distribución que opera en España, para unha racionalización das importacións – exportacións e do mercado.*

*Para por freo a esta situación inmoral que está a por en risco de creba a todo o sector primario en Galicia e con el o modelo socioeconómico galego, as organizacións profesionais agrarias Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e Sindicato Labrego Galego e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), apelan á responsabilidade tanto das industrias, para que deixen de saturar o mercado con importacións masivas de leite porque tamén eles van saír prejudicados desa política comercial, como das administracións, para que fagan uso das súas competencias en materia de fronteiras para evitar prácticas comerciais ilegais, e para que apliquen de xeito inmediato mediadas de intervención pública no sector.*

*Diante desta situación, Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e Sindicato Labrego Galego e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) convocou unha manifestación o día 8 de maio nas comarcas galegas, para esixirlle tanto á Xunta como ao Ministerio medidas concretas que poñan freo a esta situación coas seguintes REINDIVICACIÓNS:*

■ *Solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural y Marino a adopción de medidas tendentes a:*

- *Garantir a recollida para todo o leite ao longo de todo o territorio a prezos dignos e remuneradores que cubran os custes de produción.*
- *Plan estratéxico para o sector lácteo que contemple medidas económicas, fiscais e de refinanciamento da débeda, cunha dotación orzamentaria axeitada onde se recolla a situación real do sector e se apoie a súa sostibilidade.*
- *Medidas reguladoras das relacións comerciais entre produtores, industrias e distribución que impidan que as importacións de leite marquen o prezo do leite producido aquí.*
- *Medidas que avancen na trazabilidade do produto, de tal xeito que o consumidor teña información acerca de onde foi producido o leite que está mercando.*
- *Medidas de apoio ás cooperativas de subministro de leite que son unha ferramenta socioeconómica clave para articular aos gandeiros/as coa finalidade de reducir custes de produción, ser máis eficientes e mellorar a súa calidade de vida. Así como o fortalecemento da figura das Agrupacións de Produtores Agrarios (APAs) no seo das cooperativas.*
- *Coordinación do MARM coas Comunidades Autónomas dun programa de controis das prácticas anti-dumping a través dos Servizos Oficiais de Control correspondentes.*
- *Accións encamiñadas a logra un maior equilibrio de forzas na cadea láctea que evite distorsións, fomentando a implantación dos instrumentos necesarios a fin de fortalecer a ordenación e concentración da oferta.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Por todo o exposto, o grupo municipal PSdeG - PSOE propón ao Pleno a aprobación dos seguintes ACORDOS*

*PRIMEIRO.- Apoiar publicamente a campaña que neste sentido están realizando as organizacións profesionais agrarias Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e Sindicato Labrego Galego e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) de cara ás manifestacións convocadas nas comarcas galegas, así como apoio institucional do concello aos gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento ás manifestacións.*

*SEGUNDO.- Trasladar ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino e á Consellería do Medio Rural o compromiso e o apoio da Corporación Municipal ás reivindicacións formuladas polas organizacións agrarias e as cooperativas galegas para salvar da creba o sector lácteo galego. Así mesmo, facer pública a esixencia ao citado Ministerio e á Consellería para que active medidas urxentes de choque que despexen as incertezas de futuro dos gandeiros e gandeiras de Galicia.*

*Mesía, 21 de maio de 2009”*

Comenta o Sr. Alcalde que a moción que hoxe se trae á Pleno non di nada que non saibamos todos os presentes, e ademais foi presentada por todas as organizacións profesionais agrarias. Como ben saben, este equipo de goberno sempre apoiou a este sector e isto non é un tema de carácter político, polo que o único que podemos facer é solidarizarnos con eles.

De seguido, o Sr. Alcalde, pásalle a palabra ós distintos grupos políticos, que manifestan a súa conformidade co acordo, matizando o Sr. Álvarez Monteserín que este Pleno sempre estivo a favor de apoiar ós sectores lácteo e gandeiro, como non podía ser doutro xeito.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos membros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.